

Bases das axudas para proxectos e para o funcionamento de asociacións profesionais de autores/as e editores/as

Convocatoria 2023

Esta convocatoria ten unha dotación total de 260.000 euros
--

Obxectivo

Fortalecer e consolidar o tecido asociativo autoral e contribuír á súa sostibilidade e ao fomento do desenvolvemento das súas actividades.

Primeira: solicitantes

A SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por asociacións ou federacións de asociacións que agrupen autores/as ou editores/as de música e/ou representen os seus intereses profesionais, naqueles campos da creación nos que a SGAE desenvolve a súa actividade: música, artes escénicas e audiovisuais.

As asociacións ou federacións que soliciten axuda deben cumprir cos seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas como asociación ou federación de asociacións con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023 e facer constar nos seus estatutos a defensa dos intereses dos/as autores/as e/ou editores/as que operan nos ámbitos obxecto de xestión pola SGAE.
2. Desenvolver unha actividade demostrable documentalmente polo menos nos doce meses previos a esta convocatoria.
3. Non ter ningunha débeda coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social e/ou a SGAE.
4. Non ter aberta ningunha causa xudicial e/ou expediente interno contra a SGAE, tanto a asociación /federación como calquera das persoas que compoñan da súa xunta directiva.
5. Presentar toda a documentación requirida no punto catro destas bases. De non proporcionarse, a solicitude será nula.

Unha asociación ou federación de asociacións poderá recibir nesta mesma convocatoria axudas para un máximo de ata tres proxectos, que poderán ser tamén proxectos conxuntos entre dúas ou máis asociacións e/ou para o funcionamento destas.

Se una mesma asociación ou federación presenta diferentes proxectos e solicita tamén axuda para o funcionamento, deberá facelo en solicitudes separadas, unha para cada proxecto e outra para o funcionamento.

Segunda: tipoloxía dos proxectos e funcionamento

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria as asociacións ou federacións que cumpran co punto primeiro destas bases e que presenten a solicitude de axuda para o seu funcionamento ou para a realización de proxectos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Os proxectos susceptibles de recibir axuda nesta convocatoria deben responder a algún dos seguintes fins:
 - a. Promoción dos/as autores/as e as súas obras. Fomento da nova creación.
 - b. Formación e desenvolvemento de estudos orientados á mellora do sector (profesionalización, técnicas creativas, estrutura do sector, financiamento, políticas culturais, etc.)

- c. Acci3ns asistenciais para autores/as ou colectivos de autores/as en risco de exclusi3n social.

Os proxectos que se presenten a esta convocatoria deben comezar posteriormente ao 1 de xaneiro de 2022 e deben finalizar antes do 31 de marzo de 2023.

Os proxectos deber3n ser presentados xunto cunha descripci3n destes e un cronograma detallando as datas das actividades e os lugares nos que estas ter3n lugar. Os proxectos deben ir acompañados da documentaci3n necesaria que demostre a súa viabilidade, así como dos orzamentos de gastos e ingresos correspondentes atribuíbles a cada proxecto.

2. Solicitud de axuda para a organizaci3n, mantemento e funcionamento da estrutura da asociaci3n, sempre que se trate de gastos que respondan ao obxectivo da convocatoria e sexan estritamente necesarios. Para os efectos destas bases enténdese:
 - a. Que a organizaci3n e o mantemento inclúen os gastos de materiais de oficina, seguros e gastos de comunicaci3n (p3xina web).
 - b. Que o funcionamento inclúe os gastos por contrataci3n de servizos profesionais (asesor3a contable, xur3dica, laboral, financeira, etc.).

Para as solicitudes de axuda 3 organizaci3n e mantemento ser3 suficiente coa documentaci3n requirida no apartado catro destas bases.

Terceira: achega SGAE

A cont3a m3xima atribuíble a cada asociaci3n ou federaci3n de asociaci3ns non poder3 superar os 20.000 euros (impostos incluídos) como suma das cantidades asignadas a proxectos e funcionamento.

Cuarta: documentaci3n

As solicitudes deber3n conter a seguinte documentaci3n:

1. Formulario de solicitud debidamente cumprimentado.
2. Copia do CIF da asociaci3n ou federaci3n.
3. Certificado do Rexistro de Asociaci3ns sobre a vixencia e existencia da entidade de data 2023.
4. Copia do NIF da persoa que represente legalmente a asociaci3n ou federaci3n.
5. Documentaci3n acreditativa de que a persoa indicada no n3mero 3 representa legalmente a asociaci3n ou federaci3n. Para estes efectos deberanse presentar: estatutos da entidade, resoluci3n de inscripci3n do cargo no rexistro de asociaci3ns e/ou escritura de poder. O cargo ten que estar vixente.
 - a. Estatutos vixentes da Entidade.
 - b. Certificaci3n do Rexistro de Asociaci3ns de data 2023 cos membros da Xunta Directiva vixente inscritos e cos seus cargos vixentes.
 - c. No seu defecto, escritura de poder con capacidades suficientes para representar 3 Entidad e para a firma de convenios.
6. Descrici3n do proxecto ou proxectos para os que se solicita a axuda e cronograma.
7. Orzamento detallado de custos e ingresos.
8. Certificaci3n da colaboraci3n doutras entidades, no seu caso.

9. Declaración xurada asinada polo/a presidente/a actual da asociación ou federación indicando:
 - a. O número total de persoas asociadas, así como o número delas que pertencen á SGAE nos ámbitos de creación ou actuación que representa a asociación/federación con data de 1 de xaneiro de 2023.
 - b. Membros da Xunta Directiva actual da asociación ou federación.
 - c. Contía da cota social, así como a porcentaxe de asociados/as que a pagan.
 - d. Se teñen xestor/a ou coordinador/a profesional.
10. Balance económico do ano 2022.
11. Relación de actividades realizadas en 2022 e proxectos para 2023.
12. Certificado actualizado de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e Facenda.
13. No caso de pertenza a unha federación ou asociación internacional, achegar o certificado acreditativo.

Quinta: criterios de avaliación

Para a avaliación das solicitudes recibidas teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Criterios relativos á asociación ou federación que propón o proxecto ou que solicita axuda para o seu funcionamento.
 1. Ámbito de actuación. Priorizaranse aquelas asociacións ou federacións que contemplen un maior campo de acción.
 2. Representatividade e número de persoas asociadas. Priorizaranse aquelas asociacións ou federacións que ostenten unha maior representatividade e/ou un maior número de asociados/as pertencentes á SGAE.
 3. Actividade. Priorizaranse aquelas asociacións ou federacións que desempeñen unha actividade regular.
- b) Criterios relativos aos proxectos para os que se solicite a axuda:
 1. Valoraranse especialmente os seguintes aspectos:
 - Facilitar a promoción e proxección do repertorio da SGAE e das persoas súas asociadas.
 - Promover a pedagogía social sobre o dereito de autor/a.
 - Impulsar o acceso á cultura.
 - Fomentar as novas expresións artísticas e os proxectos multidisciplinares no conxunto do repertorio sobre o que traballa a SGAE.
 - Colaboración con outras institucións e organizacións.
 - Fomento dos valores promovidos pola SGAE (cohesión e inclusión, desenvolvemento económico sostible, diversidade, igualdade de oportunidades, transición dixital e transición ecolóxica).
 - Fomento da participación de mulleres autoras.
 2. Viabilidade técnica do proxecto ou proxectos en función dos orzamentos presentados.

3. Número de persoas beneficiarias dos proxectos. Priorizaranse aqueles proxectos que teñan como obxectivo un maior número persoas asociadas da SGAE entre os/as implicados/as ou destinatarios/as.

Ademais, terase en conta a súa potencial repercusión sociocultural e a eficiencia na aplicación dos recursos proporcionados, se fose o caso, por estas axudas.

Sexta: presentación de solicitudes e prazo

1. O formulario de solicitude estará dispoñible na web de SGAE www.sgae.es. Deberá usarse o formato electrónico do formulario e será o necesario cubrir todos os campos. A SGAE notificará o recibo de todas as solicitudes e comunicarlle a quen non presenten toda a documentación esixida que documentos faltan. A entidade solicitante a quen se lle indique que non está completa a documentación presentada, terá como prazo máximo para emendar a solicitude os 15 días seguintes á data de notificación. No caso de non ser emendada a solicitude no prazo indicado, esta quedará desestimada.
2. O prazo de presentación das solicitudes para esta convocatoria 2023 iniciárase o 10 de febreiro de 2023 e manterase aberto ata as 24:00 do 10 de marzo de 2023. As solicitudes recibidas fóra deste prazo serán desestimadas.

Sétima: procedemento e resolución de solicitudes

1. Un Comité de Avaliación encargárase de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas bases. Os membros do Comité de Avaliación serán designados/as polo Consello de Dirección da SGAE.
2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución levarase ao Consello de Dirección para a súa aprobación definitiva.
3. Será o Consello de Dirección quen aprobará a contía das axudas e a súa resolución será comunicarlles a todas as entidades interesadas por escrito, tanto ás asociacións ou federacións que reciban axuda como ás que non.
4. A resolución do Consello de Dirección será inapelable.

Oitava: formalización da colaboración

A SGAE e a entidade solicitante cuxa solicitude sexa aprobada, subscribirán un convenio específico que haberá de conter, necesariamente, as bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigacións de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pago.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da SGAE e memoria final).

A SGAE solicitaralle á entidade beneficiada da axuda a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para achegar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde a súa solicitude. Se a entidade seleccionada non fai entrega da documentación nese prazo, perderá o dereito á axuda. Toda a documentación proporcionada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a SGAE faralle chegar á entidade beneficiaria da axuda o convenio para subscribir entre as partes. A entidade beneficiaria terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado da factura correspondente para o cobro da

axuda. A non entrega do convenio ou a factura para o cobro no citado prazo faralle perder á entidade beneficiada a axuda.

No caso de que unha mesma asociación ou federación reciba axudas para diferentes proxectos nesta mesma convocatoria, asinarase un único convenio que regulará as relacións entre a SGAE e a asociación ou federación para o desenvolvemento dos diferentes proxectos seleccionados.

Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Toda a información que as partes proporcionen para a xestión desta convocatoria de axudas ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros/as nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as entidades solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a SGAE e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da solicitante nesta convocatoria de axudas. O/a titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito á SGAE, á atención de Servizos Xurídicos, rúa de Fernando VI, 4, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. A SGAE presume que os datos facilitados polo/a afectado/a son veraces e que responden á súa situación actual. O/a afectado/a obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Décima: normas xerais

1. A entidade solicitante incluírá o logotipo da SGAE na promoción que realice do proxecto, tales como publicidade, carteis, catálogos, folletos, soportes dixitais e outros análogos. Isto mesmo aplicarase no caso de axudas ao funcionamento.
2. A presentación da solicitude por parte da entidade solicitante implica a aceptación tácita desta das condicións e bases establecidas neste documento e implica a súa autorización para que a SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas memorias e demais publicacións. En caso de incumprimento dalgunha das condicións reflectidas nas citadas bases, a SGAE non ingresará o importe pola axuda concedida e en caso de realizar o ingreso, a entidade seleccionada deberá facer a devolución do importe recibido a partir do momento en que a SGAE lle comunique o incumprimento.
3. A entidade solicitante exime á SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer a solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto ou do seu funcionamento.

Para máis información : edaasociaciones@sgae.es